



Programa de recoñecementos médicos específicos para traballadores/as autónomos/as

Recoñecemento
médico gratuíto

Prazo aberto
todo o ano

A quen vai dirixido?

O programa dirixese a traballadores/as autónomos/as en xeral e socios/as de cooperativas que teñan a condición de traballador/a autónomo/a, que coticen no RETA (Régime Especial de Traballadores Autónomos), incluídos os incluídos no Sistema Especial de Traballadores Agrarios, así como aos/ás traballadores/as por conta propia do Régime Especial do Mar.

Cal é a finalidade do programa?

Este programa pretende favorecer a detección de enfermidades profesionais ou patoloxías laborais propias da súa actividade laboral.

Teño que estar traballando?

A persoa solicitante debe estar en activo, é dicir, non pode estar de baixa ou xubilado/a.

Como podo solicitalo?

Podes solicitar un recoñecemento médico achegando o modelo de solicitude que podes atopar na web http://issga.xunta.es/portal/contido/actividade/actividade_0010.html ao centro territorial do ISSGA no que te interese facelo.

Quen o realiza?

O recoñecemento médico o realiza persoal médico e de enfermaría especialistas en medicina do traballo e enfermaría do traballo.

Cando se realiza o recoñecemento?

Unha vez recibida a solicitude, dende o centro territorial do ISSGA poranse en contacto co/coa traballador/a por teléfono ou correo electrónico, para indicarlle a data e hora e as condicións do recoñecemento médico.

Canto custa?

Estes recoñecementos médicos son totalmente gratuítos.






En que consiste o recoñecemento médico específico?

O recoñecemento médico comprende as seguintes probas:

- Anamnese e historia clínica individualizada do/a traballador/a
- Historia laboral
- Exploración física específica por sistemas
 - Datos antropométricos: peso, talla, tensión arterial, índice de masa corporal
- Estudos complementarios:
 - Control - visión
 - Tonometría
 - Probas de funcionalismo pulmonar
 - Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea
 - Impedanciometría
 - Electrocardiograma
 - Análise clínicas:
 - Bioquímica
 - Inmunoloxía: PSA (a homes de 45 ou máis anos). Aos/As traballadores/as do sector agrario efectuaráselle a reacción antibrucela (Rosa de Bengala) e no caso de positividade, a seroaglutinación en tubo para brucela abortus
 - Hematoloxía e fórmula leucocitaria
 - Velocidade de sedimentación
 - Análise de ouriños
- Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico
- Elaboración e envío dun informe médico e impresión diagnóstica
- Recomendacións





Onde podo dirixirme?

Para obter máis información sobre este programa podes dirixirte aos centros territoriais do ISSGA nas catro provincias galegas.

Centro ISSGA A Coruña

Rúa Doutor Camilo Veiras, nº 8

15006 A Coruña

Tif.: 981 182 329 / Fax: 981 182 332

Enderezo-e: issga.coruna@xunta.es



Centro ISSGA Lugo

Ronda de Fingoi, nº 170

27071 Lugo

Tif.: 982 294 300 / Fax: 982 294 336

Enderezo-e: issga.lugo@xunta.es



Centro ISSGA Ourense

Rúa de Villaamil e Castro, s/n

32872 Ourense

Tif.: 988 386 395 / Fax: 988 386 222

Enderezo-e: issga.ourense@xunta.es



Centro ISSGA Pontevedra

Camiño Coto do Coello, nº 2

36812 Rande – Redondela

Tif.: 886 218 100 / Fax: 886 218 102

Enderezo-e: issga.pontevedra@xunta.es

